

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE OUTUBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de outubro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente; Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 6 de outubro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.-

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2008, por importe de 33.100 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 15 de outubro e o 15 de decembro de 2008.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

“Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

IMASA GALICIA S.A., pago a conta do expediente xudicial con sentenza firme, recurso contencioso-administrativo nº 02/005058/2001, por importe de 24.002 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago”.

CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA.-

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 51 e 52 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co acordo plenario de 28 de xuño de 2007, polo que se delega a competencia da contratación de operacións de tesourería na Xunta de Goberno Local cando, pola súa cuantía, excedan dos límites de competencia da Alcaldía-Presidencia, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

A C O R D O

Concertar coa Entidade Financiera : Banco de Credito Local, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses + 0,55 puntos.

b) Comisión de apertura: 0%.

c) Comisión de non disponibilidad: 0%.

d) Prazo: Un ano.

e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

APROBACION DE MEMORIAS.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Memoria redactada polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Historico, relativa ó 9ª

programa de Rehabilitación integral de actuacións ano 2008, Conxunto Histórico de Ribadavia”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Memoria redactada polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación, relativa ó 1ª programa de Rehabilitación integral de actuacións ano 2008, Conxunto Histórico de San Cristovo”.

APROBACIÓN DE PROXECTO “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ENSAIO”

Dase conta por parte do Secretario da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do proxecto da obra “*Acondicionamento Local para Sala de Ensaio*” mediante procedemento negociado sen publicidade.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros aprobar o Proxecto Básico e de Execución da actuación para “Acondicionamento de Local para Ensaio” redactado polas arquitectas municipais, dona Mercedes Álvarez López y Doña Beatriz Arregui Rodríguez, e cuio orzamento de execución por contrata ascende a 77.566,02 euros.

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Dase conta por parte do Secretario da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación da obra “*Acondicionamento Local para Sala de Ensaio*” mediante procedemento negociado sen publicidade.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1º- Proxecto Básico e de Execución de data Outubro de 2008.
- 2º- Acta de replanteo de data 3 de Outubro do 2008 e realizada polas Arquitectas Dona Begoña Arregui Rodríguez e Dona Mercedes Álvarez López.
- 3º- Informe de Secretaría de data 10.10.08 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto, de data Outubro de 2008.

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á invitación de tres empresas sen que sexa necesaria a publicación nos BO pertinentes de conformidade co artigo 161.2º ao ser o contrato de cuantía inferior a 200.000 euros.

6ª. De conformidade co art. 295 paragrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación, polo cal no caso concreto é potestativa.

7ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxeto de publicación

CONCLUSIONES.-

Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación.

4º- Informe de intervención no que se fan as seguintes consideracións:
“Deberá tramitarse expediente de generación de créditos, por importe referenciado con cargo a compromisos firmes de Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal.
Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, se informa favorablemente con la salvedad señalada anteriormente.”

5º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 9.10.08.

6º.- CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

1.-Proxecto: Acondicionamiento de local para ensaio .

2.-Presuposto: 77.566,02 (66.867,26 euros máis 10.698,76 euros en concepto de I.V.E.).

A) Obras anuais: 77.566,02 euros (Total IVE incluído)

3.-Financiación: Vicepresidencia da Igualdad e do Benestar.

4.-Prazo de execución: 2 meses.

5.-Clasificación: Non se esixe.

6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.

7.-Prazo de presentación de proposicións: 5 días días a contar do día seguinte ó da recepción da notificación por parte dos licitadores, en horas de nove a catorce horas.

8.-Garantía provisional: Non se esixe.

9.-Garantía definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

10.-Taxas do contrato: Cláusula 29 do Prego.

11.-Revisión de prezos: non procede

12.-Control de calidade: Cláusula 30 do Prego.

13.- Apertura de plicas: As 10 horas do primeiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100.
Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO